



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

iNFORMA

www.cig-ensino.com

Setembro 2014

D.L. C-325-85 Edita CIG-Ensino. R. Miguel Ferro Caaveiro, 10, Santiago. 15703. Tiraxe 10.000

A defensa dos
nosos dereitos
**está na
túa man!**

**Asina a
ILP!**

Iniciativa Lexislativa Popular en defensa dos
**DEREITOS LABORAIS,
PROFESIONAIS E RETRIBUTIVOS**
do profesorado e mellora da
CALIDADE DO ENSINO EN GALIZA

INFÓRMATE do texto da ILP:
cig-ensino.com

ILP PARA RESTITUÍR OS DEREITOS LABORAIS, PROFESIONAIS E RETRIBUTIVOS DO PROFESORADO E MELLORAR A CALIDADE DO ENSINO EN GALIZA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica foi utilizada como pretexto para acometer graves ataques contra o ensino público, reducindo os seus orzamentos e acrecentando a súa privatización e mercantilización. Desmanteláronse os avances que se foran conquistando e a política educativa encamiñouse a recortar e a reducir a calidade do ensino público, pondo en tea de xuízo o dereito á educación e desterrando a igualdade de oportunidades. Asistimos a un permanente ataque ao ensino público e ao desprestixio do profesorado, mentres se reforzaban e ampliaban os concertos educativos, mantiñanse os dos centros que segregan o alumnado por razón de xénero e perpetuábanse diferentes mecanismos para desviar o alumnado e o diñeiro público ao ensino concertado.

O profesorado viu minguados os seus dereitos laborais, salariais e profesionais. Os seus salarios foron reducidos en máis dun 20%, elimináronlle e reducíronlle as pagas extraordinarias, descontáselle parte do seu salario ao enfermar, suprimíronse as licenzas por estudo, ampliouse o horario lectivo e foi obrigado a realizar funcións alleas á súa profesión, como vixiar o alumnado que utiliza o transporte escolar. Entre outras medidas, a Consellaría eliminou unilateralmente os acordos asinados coas organizacións sindicais.

Durante estes últimos anos, constatouse a supresión de numerosas unidades no ensino público, incrementáronse as ratios e os agrupamentos do alumnado de

diferentes idades e niveis educativos, numeroso alumnado de formación profesional non pode estudar o ciclo formativo de FP que desexaría e máis de 4000 familias non teñen praza para os seus fillos e fillas no primeiro ciclo de educación infantil en centros públicos. A supresión de prazas de profesorado é unha constante. Os cadros de persoal reducíronse en máis de 3000 docentes, impedindo así a adecuada atención á diversidade e ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. A oferta de emprego público desapareceu ou foi insignificante, se temos en conta os milleiros de profesores e profesoras que se xubiláron nestes últimos anos. Cada vez é máis o profesorado que ten que impartir materias das cales non é especialista, co deterioro correspondente da calidade de ensino.

Durante estes anos, lexislouse en sentido adverso á consecución dunha educación inclusiva e equitativa. Desterrouse a igualdade de oportunidades e a educación non permitiu eliminar as desigualdades sociais e funcionar como elemento de cohesión social. Así por exemplo, o Decreto de creación de centros plurilingües, o Decreto de admisión de alumnado, o Decreto de comedores e a supresión da gratuidade dos libros de texto supuxeron discriminacións e acrecentaron as desigualdades. A supresión da gratuidade do uso do comedor para o alumnado con dereito ao transporte escolar, e o incremento desorbitado dos prezos agudizaron, máis aínda, a marxinação de amplas

capas sociais en momentos de crise como o actual.

Estepanoramainvolutivoederecortes constantes no ensino público en Galiza agrávase agora coa aprobación da Lei orgánica para a mellora da calidade educativa (LOMCE). Trátase dunha contrarreforma que impregna todo o sistema educativo dos principios que sustentan a ideoloxía neoliberal, que españoliza aínda máis o sistema educativo, afonda na confesionalidade, conforma un sistema educativo máis selectivo e clasista, segrega o alumnado, desconsidera o profesorado, elimina a xestión democrática dos centros, mercantiliza a educación, garante o dereito do alumnado a non recibir aulas no noso idioma e nega o dereito a un ensino galego e laico. Proxecta un ensino orientado cara ao éxito escolar só para o alumnado con maiores facilidades económicas e sen carencias na aprendizaxe e conduce o alumnado das clases sociais populares ao fracaso escolar. Cómpre, mentres non se derroga a LOMCE, procurar que a súa aplicación sexa o menos nociva posíbel para o ensino público en Galiza; por iso se propoñen diferentes proposicións encamiñadas a evitar a súa aplicación, co obxecto de facilitar un ensino máis equitativo e ao servizo de todas as galegas e galegos.

O vixente Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza, atenta abertamente contra o proceso de normalización lingüística e significa unha involución manifesta para o noso idioma, malia a xa cativa presenza do

ensino en galego. Desterrou o ensino no noso idioma na educación infantil nos ámbitos español-falantes e prohibiu a ensinanza en galego das materias técnico-científicas que poderán ser impartidas en inglés. A Xunta de Galiza non atendeu as recomendacións da diferentes organizacións de todos os ámbitos da sociedade e de institucións como o Consello Escolar de Galiza, a Real Academia Galega, o Consello da Cultura e as Universidades para que se derogase o decreto e se retomase o Plan Xeral de Normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galiza no ano 2004. Malia ter sido anulado xudicialmente nalgúns dos seus aspectos máis regresivos, o actual Decreto de plurilingüismo supón unha verdadeira ameaza para o futuro normalizador da lingua galega e non garante a competencia do alumnado para o seu uso. Mais a persecución do noso idioma non se centra exclusivamente na aplicación desde decreto, senón en toda a política lingüística da Xunta de

Galiza. Suprimíuse a obriga de, como mínimo, realizar unha das probas en galego para acceder á función pública, desmantelouse o modelo de educación infantil das galescolas, os orzamentos dedicados á lingua galega decreceron en máis do 70% desde o ano 2009, reducíronse as axudas aos equipos de normalización, despediuse o profesorado que impartía os cursos preparatorios para presentarse aos Celga, etc. Imponse, por tanto, derogar o Decreto 79/2010, do 20 de maio, e pór en marcha o Plan Xeral de Normalización da lingua galega, conxuntamente con diferentes medidas que promovan e potencien o ensino en galego, co obxecto de conseguir a plena normalización da nosa lingua.

Cómpre recuperar e restituír todos os dereitos laborais, salariais e profesionais que lle foron arrebatados ao profesorado durante estes anos, así como recoñecer e valorar a función docente, reforzar o marco galego de negociación e negociar un estatuto do profesorado galego.

Hai que planificar un sistema educativo galego en función das nosas necesidades e intereses, enraizado na nosa realidade nacional, que garanta un sistema educativo universal, imprescindible para conseguir unha sociedade máis xusta e democrática que asegure unha educación pública de calidade, baluarte dun ensino científico e laico. Para iso, é crucial a elaboración dunha lei do sistema educativo galego que asegure servizos complementarios e actividades extraescolares en todos os niveis, o financiamento necesario, a redución das ratios e recursos e profesorado suficiente. Un sistema educativo que facilite os recursos compensatorios necesarios para conseguir a igualdade de oportunidades, que forme cidadáns e cidadás libres e solidarias, unha educación ao servizo dos galegos e galegas e da transformación social para acadar un ensino unicamente público, galego, laico e democrático.

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Fomento do sistema educativo galego.

1. O Goberno galego elaborará un proxecto de lei de educación de Galiza, en función das nosas necesidades e intereses e de acordo coa nosa realidade social, cultural, económica e lingüística. Asegurará o dereito universal de todos e todas as galegas a unha educación pública.
2. O Goberno galego ofertará un número de prazas suficiente en todos os niveis educativos dos centros públicos e garantirá que todos estes centros contén coa dotación de recursos materiais e humanos e de profesorado suficiente en todas as especialidades para asegurar unha calidade educativa para todos e todas.
3. O Goberno galego instará o Goberno estatal para que modifique a lexislación educativa actual, co obxecto de promover a eliminación dos concertos educativos e prohibilos en centros que segregan alumnado por razón de xénero.
4. O Goberno galego instará o Goberno estatal a derogar a Lei orgánica para a mellora da calidade educativa (LOMCE), co obxecto de asegurar un ensino público, galego, laico, coeducativo e democrático.
5. A Xunta de Galiza instará o Goberno estatal para que modifique a lexislación básica, co fin de facilitar un ensino laico, no cal a difusión da fe relixiosa e a materia de relixión non forme parte do currículo escolar.
6. A Xunta de Galiza restituirá, en aplicación da presente Lei, os dereitos laborais e salariais dos docentes e garantirá unha dotación suficiente na educación pública para facer real e efectivo o dereito universal e gratuito a unha educación pública e de calidade.

TÍTULO II. DEREITOS LABORAIS E PROFESIONAIS DO PROFESORADO

Artigo 2. Recoñecemento do traballo do profesorado.

1. A administración educativa galega elaborará, previa negociación coas organizacións sindicais, un estatuto galego da función pública docente.
2. O Goberno galego garantirá a negociación, no ámbito da Mesa Sectorial Docente non Universitaria, de todas as cuestións relacionadas coa profesión e coas condicións de traballo dos e das docentes. Con ese obxecto, promoverase un acordo-convenio para todo o profesorado galego.
3. O profesorado non impartirá materias das cales non sexa especialista, sen que isto supoña diminución das súas retribucións.
4. A Consellaría de Educación restabelecerá a aplicación do acordo asinado no ano 2007, entre a Consellaría e todas as organizacións sindicais con presenza na Mesa Sectorial Docente non Universitaria, que establece os criterios para fixar os cadros de persoal dos centros que imparten ensinanzas de infantil e/ou primaria e o horario do profesorado destes niveis.
5. A custodia do alumnado, no período de tempo que transcorre desde a chegada do alumnado transportado e o inicio da actividade lectiva e desde que remata a actividade escolar até a saída do transporte escolar, será atendida por persoal específico non docente, por non seren estas funcións propias do profesorado.
6. A Xunta de Galiza instará o Goberno estatal a facilitar e gratificar a xubilación anticipada do profesorado que teña feitos 60 anos de idade e 25 anos de servizo ou que teña realizados 35 anos de servizo, coa finalidade de facilitar a incorporación de novo persoal ao ensino, crear emprego e recoñecer o traballo docente.

Artigo 3. Recuperación dos salarios do profesorado

1. O Goberno galego instará o Goberno do Estado a derrogar a lexislación que reduciu o salario do profesorado.
2. A Xunta de Galiza tomará as medidas necesarias para restabelecer os salarios e as pagas extras completas do profesorado, que lle foron reducidas desde o mes de xuño de 2010, coa súa correspondente actualización, segundo o IPC resultante desde o ano 2010 até hoxe.
3. A Xunta de Galiza garantirá a cláusula de revisión salarial para garantir, como mínimo, a suba anual dos salarios do profesorado igual ao IPC.
4. Restabelecerase o acordo entre a Xunta e as organizacións sindicais para que se destine o 1% da masa salarial do Capítulo I dos orzamentos da Xunta de Galiza ao Fondo de Acción Social.
5. O profesorado percibirá o 100% de todas as retribucións desde o primeiro día de incapacidade temporal (IT).

Artigo 4. Creación de emprego

1. Convocarase ofertas amplas de emprego no ensino para dar resposta ás necesidades dos centros e para rematar coa precariedade e temporalidade do profesorado.
2. Suprimirase o límite da taxa de reposición do 10% das vacantes existentes. A administración educativa ofertará, como mínimo, todas as vacantes producidas e creará as necesarias para unha atención educativa de calidade.
3. A Xunta de Galiza dotará todos os centros de persoal administrativo, educadores e educadoras sociais e coidadores e coidadoras, así como doutros perfís profesionais, onde sexa necesario.
4. O profesorado con cinco meses de servizo no curso escolar terá dereito a percibir as retribucións dos meses de vacacións escolares do verán.

Artigo 5. Horario do profesorado e xornada lectiva.

1. Estabelecerase unha xornada laboral de 35 horas para todo o profesorado, das cales 30 horas serán de dedicación ao centro e 18 períodos de 50 minutos, como máximo, serán lectivos.
2. Garantirase a redución do horario lectivo do profesorado maior de 55 anos. Este profesorado poderá acollerse á redución do seu horario lectivo, sen redución das súas retribucións.
3. Durante os meses de xuño e setembro, os centros que imparten ensinanzas de infantil e/ou de primaria establecerán unha xornada matinal reducida de catro horas.

Artigo 6. Formación do profesorado.

1. A Consellaría de Educación facilitará e garantirá o dereito á formación continua de todo o profesorado. Con este fin, previa negociación coas organizacións sindicais, elaborará plans anuais de formación que facilitarán unha formación descentralizada e gratuíta, en horario lectivo e laboral, que abranguerá todas as áreas do currículo e procurará a renovación e innovación educativa e unha mellor formación didáctica e pedagóxica.
2. A formación do profesorado será nucleada polos propios centros educativos, promoverá a normalización e galeguización do ensino e terá como obxecto capacitar plenamente o profesorado para impartir a súa materia en galego e conseguir actitudes favorábeis ao ensino no noso idioma.

Artigo 7. Saúde laboral.

1. O Goberno galego recoñecerá as enfermidades profesionais dos e das docentes e porá en práctica no ensino os dereitos contemplados na Lei de prevención de riscos laborais como a avaliación dos riscos laborais inherentes á profesión docente.
2. Promoverase que o profesorado que, por motivos de saúde, vexa minguada a súa capacidade para a docencia, poida reducir o seu horario lectivo e realizar actividades non directamente docentes.

Artigo 8. Eleccións por centro de traballo

A administración educativa promoverá eleccións sindicais por centro escolar, de tal maneira que todos e cada un dos centros públicos con máis de 6 docentes elixan os seus representantes sindicais.

TÍTULO III. DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO COMO GARANTE DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

Artigo 9. Melloras na calidade do ensino.

1. A Xunta de Galiza reducirá as ratios actuais de alumnado por aula, fixará como ratio máxima de alumnado por aula no primeiro ciclo de educación infantil 6 alumnos/as na idade de 0 a 1 anos, de 10 alumnos/as na idade de 1 ano e de 12 na idade de 2 anos. No segundo ciclo de educación infantil, o máximo de alumnos e alumnas por aula será de 15. Na educación primaria, educación secundaria obrigatoria, na formación profesional e nas escolas oficiais de idiomas, a ratio máxima de alumnado por aula establecerase en 20. No bacharelato, a ratio máxima será de 25 alumnos/as por aula. Todas estas ratios veranse reducidas naqueles grupos que escolaricen alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, e o alumnado repetidor terase en conta para a conformación dos grupos.
2. O Goberno galego garantirá unha oferta suficiente de prazas públicas de educación infantil de 0-3 anos para satisfacer a demanda existente.
3. O Goberno galego establecerá un plan orzamentario, co obxecto de dedicar o 7% do PIB galego á educación galega.
4. O Goberno galego elaborará un plan de actuación preferente destinado a combater o fracaso escolar e o abandono na escolarización temperá, garantindo unha adecuada atención á diversidade, apoio e reforzo educativo, atención personalizada e unha escolarización adecuada para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Reforzará a titoría e a orientación e apostará por un modelo educativo máis social e igualitario.
5. O Goberno galego suprimirá o actual sistema de xestión de calidade e abrirá un amplo debate, coa participación do profesorado, sobre a avaliación do sistema educativo.
6. A Consellaría de Educación garantirá a cobertura inmediata de todas as baixas laborais que se produzan, nomeando un ou unha docente substituta.

Artigo 10. Formación profesional.

1. A Xunta de Galiza promoverá unha nova planificación da formación profesional que suprima os concertos educativos co ensino privado. Diversificará e asegurará unha oferta suficiente na rede pública para satisfacer a demanda existente e atender as necesidades do tecido industrial e dos sectores estratéxicos da nosa economía, contribuíndo así a fomentar e a desenvolver as nosas potencialidades económicas.
2. O Goberno galego instará o Goberno central a derrogar a lexislación respecto ao funcionamento dos centros integrados para garantir a xestión e a elección democrática dos cargos directivos.

Artigo 11. Escolas oficiais de idiomas.

1. O Goberno galego estenderá a rede das escolas oficiais de idiomas, mediante a creación de novos centros e da ampliación dos existentes.
2. As escolas oficiais de idiomas serán as certificadoras oficiais de referencia do coñecemento das linguas, para evitar as privatizacións neste campo.
3. A Consellaría de Educación negociará coa Mesa Sectorial Docente non Universitaria un novo regulamento orgánico das EEOOII que contemplará un horario lectivo do profesorado, cunha asignación máxima de 3 grupos de 5 horas lectivas e 3 horas

Artigo 12. Ensinanzas artísticas superiores.

A Xunta de Galiza arbitrará os mecanismos necesarios para que os centros que imparten as ensinanzas artísticas superiores poidan adscribirse á Universidade, co fin de que o alumnado obteña a titulación de grao e para a integración total destes estudos na Universidade.

Artigo 13. Escolarización no medio rural .

O Goberno galego garantirá e facilitará a escolarización no medio rural. Con esa finalidade, elaborárase un mapa escolar do ámbito rural que garanta a escolarización dos nenos e nenas na súa contorna, o mantemento das escolas unitarias e uns cadros de persoal específicos, así como transporte e comedor para o alumnado que o necesite, con equipamento suficiente e adecuado, para garantir a mesma calidade e recursos que no resto dos centros.

Artigo 14. Libros de texto e material didáctico gratuíto.

A Xunta de Galiza garantirá a todo o alumnado do ensino de educación infantil, primaria e ESO a gratuidade dos libros de texto e do material didáctico que se empregue nas aulas.
Os centros serán dotados con libros e material didáctico en galego aplicábel ás diferentes áreas.
A administración educativa garantirá a publicación de libros de texto e de materiais en galego para todas as materias e módulos profesionais.

Artigo 15. Xestión democrática dos centros

A Consellaría de Educación garantirá a xestión democrática dos centros, mediante a elección democrática e directa das direccións polo Consello Escolar, promovendo o traballo en equipo e a decisión colexiada nos órganos de goberno

TÍTULO IV. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Artigo 16. Dereito ao comedor escolar

1. O alumnado escolarizado no ensino público de Galiza terá dereito a facer uso do servizo de comedor escolar. O servizo de comedor estará atendido por persoal específico non docente, dependente da administración e coa cualificación correspondente.
2. Os centros que escolaricen alumnado dos niveis educativos gratuítos e non contén con servizo de comedor realizarán as reformas e actuacións necesarias para garantir a oferta deste servizo.
3. O alumnado que teña que facer uso do transporte escolar para a súa escolarización terá acceso gratuíto ao comedor escolar.
4. A Xunta de Galiza fixará uns prezos módicos para o resto do alumnado, co obxectivo de conseguir o acceso gratuíto para todo o alumnado do ensino básico.

Artigo 17. Actividades extraescolares.

O Goberno galego facilitará unha oferta ampla e variada a todos os centros públicos de actividades extraescolares gratuítas que serán impartidas por persoal específico e cualificado dependente da propia administración. A administración garantirá o transporte público para a realización destas actividades.

Artigo 18. Transporte escolar.

1. A Xunta de Galiza elaborará unha lei do transporte escolar de Galiza para garantir este dereito en todos os niveis educativos, nomeadamente nas zonas rurais que non contan con transporte público regular. A organización e a regulación dos itinerarios ou itinerarios multicentros non poden condicionar o horario e a xornada dos centros.
2. A Consellaría de Educación derrogará a Lei 5/2009 de medidas urxentes para a modernización do sector do transporte público de Galiza que establece, de xeito xeneralizado, o incremento dun 20% do custe do contrato do transporte no caso de que o centro mude de xornada partida a continuada.
3. A Consellaría de Educación dotará persoal para custodiar o alumnado nas agardas, desde a chegada do transporte escolar até o inicio das clases e desde o remate até a saída do transporte.

TÍTULO V. GALEGUIZACIÓN DO ENSINO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Artigo 19. Fomento da lingua galega e galeguización dos contidos educativos.

1. A Xunta de Galiza aplicará no ámbito do ensino, con carácter de mínimos, o Plan xeral de normalización lingüística, aprobado no Parlamento de Galiza no ano 2004, no camiño de conseguir a plena normalización lingüística e un ensino totalmente en galego.
2. A administración educativa fixará uns currículos escolares inseridos na nosa realidade nacional, con contidos propios, nos que Galiza sexa materia de estudo en toda a súa dimensión histórica, cultural, social e económica, é dicir, que teña como principio o coñecemento e a valoración de todo o que nos conforma como pobo.
3. A administración educativa establecerá plans de formación para o conxunto do profesorado, a fin de alcanzar a plena normalización lingüística, que constarán, como mínimo, de formación específica en cada materia do currículo e deberán ser instrumento de capacitación do profesorado para dar aulas en galego e de dinamización do uso da lingua galega como lingua de docencia.
4. Nos procesos selectivos e de acceso á función pública docente, o profesorado deberá ter competencia en lingua galega e estará obrigado a realizar, como mínimo, unha das probas en lingua galega.

Disposición derogatoria primeira. Derrogación normativa.

- Fican derogadas as seguintes disposicións normativas naqueles aspectos que se opoñan ou contradigan ao disposto na presente lei:
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza.
 - Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (LOE)
 - Orde de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 30/06/2011)
 - Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. (DOG 15/07/2011).
 - Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galiza. (DOG 02/03/2012)
 - Orde do 4 de xuño de 2012 pola que se modifica o artigo 4 da Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
 - Decreto 254/2012 do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 26/12/2012)
 - Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

Disposición derogatoria segunda.

O Goberno galego instará o Goberno central a derrogar as seguintes normas:

- Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo
- Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, en materia de emprego público
- Lei 9/2012, do 3 de agosto, de adaptación das disposicións básicas do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, en materia de emprego público.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

A presente Lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

A ILP nalgunhas medidas concretas

- Aprobación dunha Lei de educación para Galiza baseada nun ensino público, galego laico, coeducativo e democrático e un plan orzamentario que dedique o 7% do PIB á educación.
- Dotación de profesorado e dos recursos materiais necesarios a todos os centros. Oferta de prazas públicas suficientes nos niveis educativos.
- Eliminación dos concertos educativos e prohibición nos centros que segreguen alumnado.
- Ensino laico e exclusión da relixión do currículo,
- Restitución dos dereitos laborais e salariais dos docentes
- Restitución das pagas extras e dos salarios, recuperación de perda de poder adquisitivo e revisión anual das nosas retribucións, como mínimo, igual ao IPC.
- Elaboración dun Estatuto Galego da Función Pública Docente.
- O profesorado non impartirá materias das que non é especialista.
- Restitución do acordo de 2007 sobre os cadros de persoal e horario do profesorado en infantil e primaria.
- Persoal específico para a custodia do alumnado fóra do horario escolar.
- Facilitar e gratificar xubilación anticipada para crear emprego.
- Restitución do acordo sobre o Fondo de Acción Social, destinando o 1% do capítulo I dos orzamentos da Xunta.
- Percibir o 100% das retribucións durante as incapacidades temporais.
- Supresión do límite do 10% na taxa de reposición das vacantes. Oferta a oposición de todas as vacantes existentes e as producidas polas xubilacións.
- Dotación de persoal administrativo nos centros onde sexa necesarios, educadores/as sociais e cuidadores/as.
- Retribución dos meses de vacacións escolares ao profesorado substituto que traballou máis de 5 meses.
- Horario lectivo dun máximo de 18 períodos de 50 minutos, como máximo.
- Redución do horario lectivo aos maiores de 55 anos
- Restitución da xornada reducida matinal de 4 horas en xuño e setembro en infantil e primaria.
- Plans anuais de formación continua, que promovan tamén a normalización lingüística.
- Recoñecementos das enfermidades profesionais e adaptacións horarias.
- Eleccións sindicais por centro educativo.
- Redución das rateos, máximo 15 en infantil, 20 en primaria e ESO e 25 bacharelato.
- Plan para combater o fracaso escolar con recursos, medios e profesorado necesario.
- Supresión do actual sistema de calidade.
- Cobertura inmediata de todas as baixas.
- Xestión democrática e elección democrática dos corpos directivos.
- Creación e ampliación das Escolas Oficiais de Idiomas. Horario lectivo do profesorado, máximo de 3 grupos de 5 horas lectivas complementarias.
- Adscrición das Ensinanzas Artísticas Superiores á Universidade
- Elaboración dun mapa para a escolarización no medio rural.
- Gratuidade universal dos libros de texto e material didáctico que se empreguen nas aulas.
- Dotación de libros e material didáctico en galego.
- Gratuidade do comedor escolar para o alumnado que teña que facer uso do transporte escolar. Dereito ao comedor escolar con prezo módicos e atención con persoal non docente.
- Aprobación dunha lei do transporte escolar para que o transporte non condicione a xornada escolar.
- Oferta ampla e variada de actividades extraescolares.
- Derrogación do Decreto de plurilingüismo. Aplicación do Plano Xeral de Normalización Lingüística do ano 2004, aprobado polo Parlamento. aleguización dos contidos educativos
- Os procesos selectivos garantirán a competencia en galego do profesorado
- Derrogación da LOMCE, Lei de Convivencia, Decreto de comedores e de admisión do alumnado e dos decretos e normas mediante os cales se aplicaron os recortes.